



Arquitectura e Enxeñería

UNIVERSIDADE

Vínculos
de
interese:

<http://ciug.cesga.es/> <http://www.edu.xunta.es/portal> <http://www.uvigo.es>
<http://www.udc.es> <http://www.usc.es> <http://www.educacion.es/portada.html>
<http://www.kekiero.es/> , <http://www.universia.es> , <http://www.yaq.es/>
<http://www.mcu.es/artesEscenicas/>

Materias de modalidade	
1º bacharelato	2º de bacharelato
Matemáticas I, Física e Química, Debuxo Técnico I, Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas II, Física, Química, Ciencias da Terra e Ambientais Debuxo Técnico II,
Tecnoloxía Industrial I (impártese noutros centros. Inscripción marzo)	Tecnoloxía Industrial II, Electrotecnia (noutros centros)

Materias da modalidade de bacharel: matemáticas II e física, química, debuxo técnico II, ciencias da terra e medio ambiente. As materias máis ponderadas son as matemáticas, física e debuxo técnico.

Perfil do estudante: Boa base científica, curiosidade pola tecnoloxía, habilidade manual, aptitudes mecánicas, sentido da organización, ordenado, gran capacidade de estudo, intelixencia, coñecementos de informática, capacidade de razoamento elevada, capacidade de abstracción, visión espacial, atención ao detalle.

Dificultade xeral: son as máis difíciles do panorama universitario en España.

Titulacións Universitarias

Títulos	Cidade
Arquitectura (5/6 anos)	C
Gr. Edificación	C

Aceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: construción, expresión gráfica en arquitectura, fundamentos físicos e matemáticos en arquitectura, estruturas de edificación e construcións arquitectónicas, basicamente.

Saídas profesionais: Regulares. O mercado laboral está bastante saturado. Empresas de materiais de construción, interiores, urbanismo...É normal exercer en campos diferentes ós específicos da profesión.

Enxeñerías	Cidade
Camiños, Canles e Portos	C
Tecnoloxía da Enxeñería Civil	L
Obras Públicas /Transportes e Servizos Urbáns	L

Aceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: Enxeñería marítima, do terreo e do transporte, tecnoloxía de estruturas de edificación, fundamentos físicos e matemáticos da enxeñería, obras e aproveitamentos hidráulicos e enerxéticos, ordenación do territorio e medio ambiente.

Saídas profesionais: Boas. En calquera caso, depende da política do goberno en materia de infraestruturas. O normal son empresas construtoras, de planificación e de xestión de recursos.

Título	Cidade
Náutica e Transporte Marítimo/ Máquinas Navais / Navegación Marítima	C

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: A base do contido destas carreiras céntrase nas matemáticas, a física, a química, o debuxo técnico e a álgebra.

En Máquinas Navais: Fundamentos e teoría do buque, Lexislación marítima, Seguridade e Prevención da contaminación...**En Navegación Marítima:** Meteoroloxía e Oceanografía, Electrónica e estabilidade, Hidrostática e Estabilidade... **En Radio electrónica Naval:** Fundamentos de Física y Matemáticas, Seguridade Marítima, Radiotecnía, Electrónica y Electricidade...

Saídas profesionais: Boas, o normal é que comecen navegando e que co tempo intenten buscar destinos en terra. Pouco paro. O primeiro ano é o máis difícil.

Título	Cidade
Arquitectura Naval / Enx. Naval e Oceánica	F
Mariña (Naval en Estruturas Mariñas) / Naval en Propulsión e Servizos do Buque	F

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: Fundamentos de construción naval, hidrostática e estabilidade, mecánica e termodinámica, dinámica de vehículos mariños, resistencia e propulsión mariña, sistemas eléctricos e electrónicos a bordo do buque, fundamentos físicos e matemáticos da enxeñería.

Saídas profesionais: Regulares. O sector da construción naval está en crise. Unha das opcións máis interesantes pasa polos pequenos estaleiros e pola creación de barcos de recreo.



Enxeñerías	Cidade
Informática	O, S, C

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: Fundamentos físicos e matemáticos da informática, estrutura e tecnoloxía da computación e da programación, metodoloxía, sistemas operativos.

Saídas profesionais: Moi boas e en calquera sector económico. O normal é traballar no departamento de informática, desenvolvemento de software e hardware, tecnoloxía do ordenador, analista, I+D

Títulos fora de Galicia

Enxeñería Aeronáutica/ ET Aeronáutica
ET Aeronáutico, esp en Aeromotores, Aeroportos, Aeronaves, Aeronavegación, Equipos e Materiais Aeroespaciais

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: Fundamentos físicos e matemáticos da enxeñería, Sistemas de Circulación e Navegación Aérea, Tecnoloxía e Producción Aeroespacial, aerodinámica, tecnoloxía espacial, transporte aéreo, mecánica de voo, enxeñería aeronáutica. Algunhas materias dependen da especialidade de enxeñería técnica elixida.

Saídas profesionais: Boas. Principalmente, empresas de construción de aeronaves e aeroportos, empresas de alta tecnoloxía e de investigación tecnolóxica. Hai moi poucos enxeñeiros de esta área, xa que os estudos só se cursan na Universidade Politécnica de Madrid.

Enxeñerías	Cidade
Agrónoma / Agrónoma de Montes (posible Master)	L
Agrícola en Explotacións Agropecuarias / Agrícola en Hortofruticultura Xardinería	L
Agraria / ET Agrícola en Industrias Agrarias e Alimentarias	O, L

Agrícola en Mecanización e Construcións Rural

L

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: Ciencias do medio natural; tecnoloxía do medio ambiente; enxeñería no medio rural; tecnoloxía da produción animal e vexetal; tecnoloxía das industrias agrarias e de alimentos, fundamentos físicos, matemáticos e químicos.

Saídas profesionais: Regulares. En bastantes ocasións traballan e planifican terras propias ou de familiares. Tamén en cooperativas agrarias e gandeiras, viveiros, invernadoiros, laboratorios...

Enxeñería	Cidade
Forestal en Explotacións Forestais	L
Forestal	P

Acceso preferente: Científico Técnica e Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: Ciencias do medio natural, enxeñería do medio forestal, protección do medio forestal, silvicultura e ordenación do monte, fundamentos químicos, físicos e matemáticos da enxeñería.

Saídas profesionais: Bastantes. Poden ocupar calquera tipo de traballo relacionado co monte, co campo e coa agricultura, e vai desde construción ata repoboacións.

Enxeñerías	Cidade
Recursos Mineiros e Obras Subterráneas / Enerxía	V

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: Fundamentos xeolóxicos, químicos, físicos e matemáticos da enxeñería, morfoloxía do terreo, expresión gráfica e cartográfica, tecnoloxía da enerxía, da minería e da metalurxia, medio ambiente...

Saídas profesionais: Tanto no ámbito público coma privado. En calquera faceta da actividade mineira, en obras que impliquen movemento de terras, túneles, explosivos...

Enxeñerías	Cidade
Tecnoloxías de Telecomunicación	V

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

Materias de estudo: Circuitos electrónicos, arquitectura de redes, transmisión de datos, fundamentos de computadores, sistemas electrónicos dixitais, fundamentos da programación, sinais e sistemas de transmisión, fundamentos físicos e matemáticos da enxeñería, comunicacións ópticas.

Saídas profesionais: Moi boas. En xeral traballan en departamentos de comunicación, de calidade, desenvolvemento, informático, produción, control e organización, empresas de telefonía, industria eléctrica e electrónica.



Enxeñerías	Cidade
Organización Industrial / Mecánica	V
Tecnoloxías Industriais	V, F
Deseño Industrial e desenvolvemento do Produto	F
Eléctrica / Electrónica Industrial e Automática	V, F
Mecánica + Escola Naval Militar + Probas de acceso	Marín
Química Industrial	V, L
Química	S

Acceso preferente: por bacharel de Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

E.T. Deseño Industrial con Arqut. Enxeñ, Ciencias Sociais e Artes.

Materias de estudo: Resistencia de materiais, fundamentos físicos e matemáticos da enxeñería, funcionamento das máquinas, organización industrial, deseño industrial, sistemas electrónicos e automáticos, tecnoloxía eléctrica, tecnoloxía de materiais, tecnoloxía enerxética, fabricación de máquinas, construcións industriais.

Materias de estudo de complemento da Escola Naval Militar de Marín: Aberá unha proba de acceso física e psicotécnica. Materias relacionadas cos Corpos de Seguridade, Armamento, Topografía, Instrución Militar, Formación Militar, Lexislación e Territorio, Fotogrametría, Expresión Gráfica, Fundamentos Físicos e Matemáticos.

Saídas profesionais: Moi boas, moi variadas, en calquera sector económico e na maior parte dos departamentos dunha empresa, especialmente nos de calidade, desenvolvemento, produción, control e organización. Ocupan cargos técnicos e de mandos.

Saídas da Escola Militar: As persoas que cursen na Escola Naval Militar de Marín cobrarán soldo militar durante os estudos e ao remate decidiranse entre o Grao de Enx. Mecánica e o emprego ou continuar a carreira militar como oficiais.

Enxeñerías	Cidade
Topografía	L
Xeoloxía	

Acceso preferente: E. Xeólogo: por Arquitectura Enxeñería, Ciencias, Saúde

E. T. Topografía: por Arquitectura Enxeñería.

Materias de estudo: Astronomía e xeodesia, cartografía, catastro, lexislación e territorio, fotogrametría, expresión gráfica, fundamentos de xeoloxía e xeofísica, fundamentos físicos e matemáticos da enxeñería, topografía.

.....

Acceso a outros graos da mesma rama:

Se rematas primeiro curso con todo aprobado e desexas cambiar a outro grao da mesma rama podes acceder a segundo curso co 30 % aproximado de primeiro do novo grao por recuperar.

Ponderacións de exame de selectividade por carreiras (en <http://ciug.cesga.es>):

A fase xeral obrigatoria de selectividade é das materias de 2º de bacharel comúns e 1 escollida propia de calquera modalidade cursada ou non. A nota faise co **60 % da media do expediente académico** durante o bacharel e o outro 40% farase coa nota de exame de selectividade cun mínimo de 4 puntos. Aprobando a media temos acceso tódalas carreiras universitarias con moitas prazas.

Para as carreiras con límite de praza o alumnado se presentará á **fase específica voluntaria** de selectividade. É dun máximo de 4 materias propias de calquera modalidade cursadas ou non, das que se escollerán as 2 aprobadas máis puntuadas despois dunha **ponderación**. Isto poderá sumar ao exame da fase xeral un máximo de 2 puntos por materia cun total de 4 puntos. Recomendamos que se escollan nesta fase as materias máis ponderadas. A puntuación máxima de selectividade será de 10 + 4 puntos.

FORMACIÓN PROFESIONAL GRAO SUPERIOR

Este bacharel da paso ós seguintes Ciclos Formativos de Grao Superior . Todos duran 2000 horas:

-Agraria/ Actividades Agrarias.-Artes Gráficas. -Artes e Artesanías. -Edificación e Obra Civil.
 -Electricidade e Electrónica. -Enerxía e Auga. -Fabricación Mecánica. -Imaxe e Son/ Comunicación, Imaxe e Son. -Industrias Alimentarias. -Industrias Extractivas. -Informática e Comunicaciós /Informática. -Instalación e Mantemento/ Mantemento e Servizos á Produción. -Madeira, Moble e Cortiza/ Madeira e Moble. -Marítima e Pesqueira/ Actividades. -Química. -Transporte e Mantemento de Vehículos Autopropulsados. -Téxtil, Confección e Pel. -Vidro e Cerámica.